

PROXECTO
EDUCATIVO
E FUNCIONAL
DO CENTRO

EEI A MARISMA

ÍNDICE:

1. ANÁLISE DO CONTEXTO.

1.1.	Características da zona.....	4
1.2.	Características do centro.....	7
1.3.	Características da comunidade educativa:.....	8
	• Alumnado	
	• Profesorado	
	• Persoal non docente	
	• Familias	
	• Colaboración con outras institucións e centros educativos	
	• Servizos Complementarios	

2. PRINCIPIOS DA PRÁCTICA EDUCATIVA.

2.1.	Rasgos de identidade.....	14
2.2.	Obxectivos xerais do centro.....	15
2.3.	Principios básicos.....	16
2.4.	Aspectos metodolóxicos.....	17

3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.

3.1.	Órganos de goberno unipersoais.....	19
3.2.	Órganos colexiados.....	19
	3.2.1 Claustro de profesorado	
	3.2.2 Consello Escolar	
3.3.	Órganos de coordinación docente.....	20
	3.3.1 Comisión de Coordinación pedagóxica	
	3.3.2 Comisión de Convivencia	
	3.3.3 Departamento de Orientación	

- 3.3.4 Equipo de Ciclo
- 3.3.5 Equipo de Dinamización da Lingua Galega EDGL
- 3.3.6 Equipo Dinamización da Biblioteca Escolar
- 3.3.7 Equipo Actividades Complementarias e extraescolares
- 3.3.8 Equipo Plurininfantil
- 3.3.9 Equipo de Dinamización das TICs
- 3.3.10 Equipo Dinamización Plan Dixital
- 3.3.11 Equipo Dinamización Polos Creativos

4. ORGANIZACIÓN DO TEMPO, ESPAZOS E MATERIAIS

- 4.1.- Criterios de distribución do tempo escolar..... 25
- 4.2.- Criterios de distribución de espazos..... 27
- 4.3.- Organización de recursos materiais..... 29

5. CRITERIOS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

- 5.1.- Introducción..... 31
- 5.2.- Criterios de actuación..... 32
- 5.3.- Medidas de atención á diversidade..... 32

6.- PLAN DE AUTOAVALIACIÓN DO CENTRO..... 33


7.- REVISIÓN E AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO E FUNCIONAL DE CENTRO..... 33

1. ANÁLISE DO CONTEXTO.

1.1.-Características da zona.

A Escola de Educación Infantil “A Marisma”, está situada na Rúa Marisma nº 3, en Redondela, dentro do casco urbano. Este concello ten unha extensión de 52 quilómetros cadrados e ten un total de 30.234 habitantes repartidos polas súas trece parroquias. A maioría do alumnado do centro é de Redondela, aínda que tamén se recollen nenos e nenas doutras parroquias.

#	Parroquia	Superficie (km²)	Poboación (hab)
1	Redondela centro urbán	1,7	7.436
2	Cedeira	5,8	2.099
3	Cesantes	12	3.467
4	Negros	2,9	533
5	Cabeiro	2	755
6	Chapela	-	7.696
7	Trasmañó	4,75	1.050
8	O Viso	5,3	1.521
9	Ventosela	4	714
10	Vilar de Infesta	-	1.241
11	Saxamonde	-	797
12	Quintela	2,5	694
13	Reboreda	8	2.231



O concello está situado de xeito estratéxico equidistante entre Vigo e Pontevedra. Considérase unha localidade da Área Metropolitana de Vigo comunicada pola N.550. Ao se tratar dunha vila tradicionalmente mariñeira, a pesca é unha actividade importante, xa que neste municipio atopamos un porto pesqueiro cunha frota esencialmente de baixura. Tamén é moi relevante o marisqueo de moluscos bivalvos. O choco é o símbolo mariño xenuíno de Redondela e da súa gastronomía. A actividade agraria constitúe a segunda en importancia trala pesqueira. A meirande parte destas explotacións son policultivos de carácter de subsistencia, ao seren de

pequeno tamaño e orientadas ao consumo doméstico. A actividade gandeira é tamén discreta, e o 75% das cabezas de gando corresponden ás especies avícola, bovina e ovina.

Por último, a actividade forestal completa o sector primario. O 31% da superficie municipal está poboada por árbores e a maioría deles pertencen a comunidades de monte xestionadas pol@s veciñ@s da zoa.

A principal actividade industrial é a industria téxtil e da confección, seguida da industria do metal e a alimentaria. A maioría das realidades empresariais redondelás constitúense coma sociedades limitadas (SL), e case o 90% delas son pequenas empresas de menos de 9 empregados. As empresas multinacionais ocupan un espazo residual na actividade económica local .

No sector terciario inclúese o resto da poboación, que se adica na súa maioría ao pequeno comercio.

En canto ós *servizos e recursos culturais* podemos destacar:

Servizos Públicos da Administración:

Están constituídos polos servizos administrativos situados na Casa do Concello, no Edificio de Servizos Sociais e no Edificio Multiusos de Redondela, no núcleo urbano de Redondela, que centralizan todos os equipamentos de carácter administrativo. Ademais Redondela conta cun xulgado de primeira instancia, servizo de Policía Nacional e Policía Local. Non existe servizo contra incendios, pero sí un servizo de Protección Civil.

Equipamento escolar:

O número de unidades de educación infantil no concello é de 13. Tres , incluída a nosa, son só centros de Educación infantil e o resto son CEIP repartidos polas diferentes parroquias. Tamén hai un CEIP concertado en Cedeira. No tocante ao ensino secundario, Redondela conta con catro centros: 3 institutos en Redondela e un en Chapela.

Equipamento Sanitario:

No concello de Redondela existen dous centros de saúde, un en Chapela e outro na vila de Redondela. Prestan asistencia sanitaria primaria, con medicina xeral, pediatría, matronas, asistencia social e enfermería.

Equipamentos Socioculturais:

O concello conta cunha Casa da Cultura que dispón de dous andares adicados a aulas de informática, fotografía, e unha sala de exposicións. Un Conservatorio de Música e varias Escolas Municipais que ofertan cursos de teatro, música e pintura. Ademais dun Auditorio e dunha Biblioteca Pública. Nas distintas parroquias existen locais veciñais onde se proxectan diferentes actos culturais.

Equipamentos Deportivos:

En diferentes parroquias existen pistas polideportivas, así como pavillóns cubertos e campos de fútbol. Ademais dunha piscina pública municipal.

Equipamento comercial:

En Redondela o comercio de uso diario localízase preferentemente nos núcleos de Redondela, Chapela e Cesantes. Existen dous mercados públicos no concello. A Confraría de Pescadores xestiona a Lonxa de Pescadores, situada no porto de Cesantes. Os días 6 e 21 de cada mes celébrase na vila unha feira, onde se instalan aproximadamente 200 postos de venda.

Espazos de Uso Público:

As zonas verdes máis importantes do concello son a Alameda de Redondela, parque baixo o viaduto de Redondela, con cinco canastros (hórreos), a Alameda de Chapela, a zona de lecer de Ventosela, o paseo marítimo na praia de Cesantes e o paseo de árbores da praia de Arealonga, en Chapela. Tamén hai unha senda chamada “da Auga” que percorre pola antiga tubaxe da auga que leva ata Vigo. Na maioría das parroquias existen pequenas zonas de recreo e xogos infantís.

Dende o propio Centro e partindo das aulas establecemos relacións co contorno mais preto facendo excursións, visitas e diferentes actividades programadas polo Concello e outras institucións.

1.2.Características do centro.

A Escola de Educación Infantil “**A Marisma**” é un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e que está adscrito ao centro de Primaria “Santa Mariña”.

No centro impártese o 2º ciclo de Educación Infantil (3-6 anos), é de liña 2, é dicir, ten 2 aulas por nivel:

- 4º de Infantil (4ºA e 4º B)
- 5º de Infantil (5ºA e 5º B)
- 6º de Infantil (6ºA e 6º B)

A escola ten xornada continuada de 9h a 14h tal e como recolle a Orde do 29 de maio de 2008 e pola tarde realízanse actividades extraescolares que son organizadas pola ANPA .

Encóntrase nunha zona estudantil, a carón doutros centros de primaria, de secundaria, de F.P e da Escola Infantil dependente tamén da Xunta de Galicia.

O centro é independente e adaptado ás necesidades e características dos nenos e nenas que acolle.

Conta cunha superficie de 500 m. cadrados por planta. Ten dúas entradas. Unha entrada principal dende a rúa, pola que entran o profesorado e o alumnado e as súas familias fora do horario establecido de entrada e saída ao centro. E outra entrada que comunica co patio, por onde entra e sae todo o alumnado .

O edificio consta de 2 plantas:

Primeiro andar:

- Despacho de dirección
- Sala de Mestras
- Un aseo para adultos con espazo para botiquín

- 3 aseos para nenos/as adaptados ás súas necesidades.
- Almacén de limpeza
- Aula de usos múltiples
- Cuarto de almacenaxe
- 2 aulas
- Biblioteca
- Un tramo de escaleiras que permiten o acceso á 2º planta.

Segundo andar:

- 6 aulas e 3 aseos
- aseo para adultos con espazo para botiquín

O patio da escola ten 100 m. cadrados, e está dividido en dúas zonas:

- Un patio cuberto cun chan contragolpes.
- Un espazo aberto no que podemos atopar balancíns, tobogáns, areeiro e unha casaña de ladrillo. Todo o chan está recuberto de area excepto as zonas de paso que é baldosa e a zona dos columpios que ten chan contragolpes. Todo o recinto está rodeado dunha alambrada tapada con lonas de cores.

1.3.-Características da comunidade educativa

ALUMNADO

O centro ten capacidade para 180 nenos/as, na actualidade hai dúas aulas por nivel cun total de 108 alumnas/os.

As características do alumnado de infantil, de entre 3 a 6 anos, son:

Desenvolvemento psicomotor:

- Móvese con soltura, espontaneidade e harmonía.
- Empeza a manifestar predominancia dun lado sobre outro.
- Empézase a orientar no espacio e no tempo.
- Comeza a construír o seu esquema corporal .

- Presenta un gran desenvolvemento na motricidade fina: debuxar, colorear, tasgar...

Desenvolvemento afectivo-social:

- Empeza a xogar acatando e asumindo regras e normas.
- Asume as diferenzas sexuais.
- Mostra mais independencia e seguridade en si mesmo.
- Gústalle participar en actividades grupais.
- Relaciónase ben c@s demais nen@s, conversando e compartindo.

Desenvolvemento cognitivo:

- Mostra unha gran fantasía e imaxinación.
- É capaz de diferenciar varios cores, formas e tamaños.
- Desenvolve o pensamento simbólico, que lle permite substituír calquera obxecto pola súa representación.
- Mostra gran interese por aprender e esta curiosidade fai que reclame coñecer distintos feitos.
- O seu pensamento vaise facendo cada vez mais lóxico. É capaz de facer series, clasificacións, coleccións,...

Desenvolvemento da linguaxe :

- Presenta a maioría das estruturas básicas da linguaxe.
- Expresa acontecementos de maneira bastante coherente.
- Establece conversacións cada vez mais complexas e contextuais.

No referente á organización do alumnado, lévase a acabo dende a súa entrada no Centro. O alumnado matricúlase no centro para iniciar o segundo ciclo de Educación Infantil e cursar 4º EI, no ano natural en que os nenos e nenas cumpren tres anos. A adscrición ás aulas faise unha vez matriculados e de forma aleatoria para que non exista ningún tipo de discriminación. Aínda que haberá certa flexibilidade para crear grupos heteroxéneos seguindo os seguinte criterios:

1. Procurar que os dous grupos teñan o mesmo nº de [alumn@s](#).
2. Que se dea un reparto o mais equilibrado posible do número de nenas e nenos en cada grupo.
3. Evitar acumulación de alumnado con necesidades educativas especiais que vaia precisar apoio específico nun mesmo grupo.
4. Os grupos seguirán estables ao longo de todo o ciclo
5. No caso do alumnado que se incorpore xa comezado o curso ou en niveis seguintes, adscribírase na aula que conte con menos alumnas/os e no caso de que as dúas teñan a mesma cantidade de nenas e nenos incorporárase primeiro ao grupo A e logo ao B.
6. No caso de xemelgos premanecerán xuntos na mesma aula.

PROFESORADO:

O Equipo Educativo da EEI “A Marisma”, está formado por dez mestras.

- seis mestras-titoras
- unha mestra especialista de Inglés
- unha mestra de Audición e Linguaxe
- O Equipo Directivo formado pola Secretaria que imparte psicomotricidade e a Directora que imparte as sesións plurinfantís

Ademáis hai persoal docente compartido con outros centros:

- Orientadora, compartido co CEIP Infante Felipe de Salvaterra e ven dous días á semana.
- Mestre de relixión, compartido co CEIP Santopaio de abaixo que ven un día á semana catro horas.

A maioría do persoal docente, ten destino definitivo no centro, o cal da maior estabilidade educativa ao centro. Todas elas comparten as mesmas inquietudes e principios educativos, que son transmitidos ás persoas novas que chegan ao centro. É

un equipo con ilusión, dinámico, aberto e con ganas de facer cousas novas, reflexionando sempre sobre a práctica educativa e participando xunto cos demais membros da comunidade educativa na súa organización e xestión.

PERSOAL NON DOCENTE:

A liña educativa da escola é compartida polo resto do persoal non docente, que neste centro é :

- Auxiliar de conversa, compartida co CEIP Cedeira ,ven dous días á semana.
- Unha conserxe que compartimos co CEP Santa Mariña.
- Unha limpadora.
- Unha monitora do Plan Madruga, tres monitoras de comedor e outra monitora de actividades extraescolares; todas elas xestionadas pola ANPA .

FAMILIAS. ANPA

Entendemos que as familias son o referente principal na educación dos seus fillos/as. Nun mundo cada vez máis complexo, cómpre que os principios educativos elementais sexan coherentes entre familia e escola.

Na planificación da intervención educativa, o equipo educativo terá en conta a colaboración coas familias establecendo canles para o intercambio de información, así como a súa consecuente participación na vida da Escola.

Ó longo do curso a comunicación coas familias establécese a través de :

- Ó comezo do curso , convócase as familias a unha reunión informativa por parte das titoras nos niveis de 5º e 6º EI. O nivel de 4º EI esta reunión faise en xuño do curso anterior coa finalidade de dar información previa ás familias para preparalas para o comezo de curso co período de adaptación. Para facilitar o tránsito do ambiente familiar ao escolar, deberase coidar dun xeito especial o período de adaptación, para que as nenas e nenos poidan elaborar o paso á nova situación que implica establecer e coñecer espazos diferentes, establecer apego con adultos descoñecidos e adaptar os seus ritmos individuais á vida en

comunidade.

- A comunicación diaria coas familias faise a través da aplicación Abalar. Xa sexa coa titora a nivel individual ou coa Dirección a nivel de grupal.
- Reunións titoriais os martes pola tarde.
- Contactos diarios á saída e entrada da escola.
- Boletín informativo a través de Abalar cada trimestre.

A relación da escola/colaboración coas familias lévase a cabo de distintos xeitos:

- Formando parte da Asociación de Nais e Pais do alumnado ANPA.
- Formando parte do Consello Escolar do centro.
- Participando por medio da ANPA en actividades do centro coma obradoiros, festas, xornadas de formación, etc.
- A ANPA xestiona as actividades extraescolares e o comedor escolar.

COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓN

As institución locais, culturais e deportivas do entorno contribúen coas súas achegas á contextualización do currículo aportando unha realidade próxima ao alumnado. Trátase, basicamente, de propiciar un clima de cooperación con outras institucións da contorna establecendo os mecanismos adecuados de colaboración mútua.

A nosa escola está aberta ó estudo de todas as propostas que se fagan das devanditas institucións, valorando en cada caso a nosa contribución como centro docente.

Entre as distintas institucións coas que colabora o colexio están:

- Concello de Redondela :
 - Destacar a estreita relación que se ven mantendo co Concello do que depende o mantemento da propia escola.
 - A colaboración cos servizos sociais do concello establécese basicamente en dúas liñas:
 - Á petición deles, seguimento escolar daqueles casos problemáticos.
 - Á petición nosa, solicitude de intervención do devandito servizo nos casos

detectados por nós, para unha valoración das posibles carencias do entorno familiar.

- Asociación Érguete con propostas vinculadas a conseguir a igualdade de xénero, a erradicar a violencia...
- Campañas solidarias : Recollida de alimentos, roupa,... para distintas institucións sen ánimo de lucro.
- Asociación de Xente Titiriteira
- Outros centros educativos, tanto de infantil, primaria ou secundaria do Concello. En especial o CEP Sta Mariña ó que estamos adscritos co que participamos en actividades conxuntas e mantemos unha comunicación fluída e permanente.
- Museo Massó con ofertas de asistencia a exposicións, obradoiros e visitas guiadas.
- Policía local, nacional ou garda civil, colaboracións puntuais que ten como obxectivo dar a coñecer o seu traballo por medio de demostracións adaptadas á idade do alumnado.
- Grupos de música tradicional que nos acompañan cos seus instrumentos en diferentes actos e conmemoracións .
- Deputación de Pontevedra, actividades puntuais que ofertan para os centros.
- Actividades escolares Afundacion, con obras teatrais principalmente.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

No noso centro contamos cos seguintes servizos complementarios:

- Transporte escolar: O centro conta con servizo de transporte escolar, cunha única liña polo centro da cidade
- Comedor e Plan Madruga: ambos xestionados pola ANPA.

2. PRINCIPIOS DA PRÁCTICA EDUCATIVA.

2.1 Rasgos de identidade.

A EEI “A Marisma” defínese como un modelo de escola pública galega

- *Integrada*: onde as familias, mestras e o alumnado atópanse totalmente integrados nela, facilitando a comunicación entre os membros da Comunidade educativa.
- *Aberta ao entorno*: sensible ás demandas e achegas sociais.
- *Con valores*: onde se potencian e traballan, entre outros, os valores da solidariedade, igualdade, compañeirismo, tolerancia, respecto, autoestima, o esforzo persoal e o cumprimento das normas de convivencia.
- Onde o alumnado recibe unha *ensinanza de calidade e unha educación personalizada*: respectando a maduración persoal, o propio ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a, estimulando o desenrolo das súas capacidades intelectuais.
- Propicia para o *desenrolo harmónico e integral* do alumnado: organizando actividades que o enriquezan .
- *Educando en e para a liberdade*: propiciando que os alumnos/as sexan responsables dos seus propios actos, respectando a liberdade dos demais.
- Igualitaria, Propugnamos un modelo de escola baseada nos principios de coeducación e igualdade entre os sexos, potenciando a eliminación de actitudes, expresións e representacións discriminatorias por razón de sexo e superando as diferencias e roles apostando por unha educación non sexista que fomente a coeducación
- Aconfesional, respectuosa con todas as crenzas, favorecendo a diversidade de distintas culturas e diferentes manifestacións relixiosas. Igualmente maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada.

2.2 Obxectivos xerais do centro.

Os nosos obxectivos son:

- Adecuar o “currículum” ás características do Centro e o seu contorno, aproveitando todos os seus recursos.
- Intentar dar resposta axeitada ás necesidades específicas do alumnado, tendo en conta os principios de individualización e atención á diversidade.
- Fomentar o traballo en equipo, tanto no grupo de mestras coma no alumnado.
- Propiciar situacións de aprendizaxe significativo , có fin de que lles resulten motivadoras.
- Favorecer una actitude reflexiva, crítica e investigadora, de interese polo coñecemento, a autonomía persoal, a valoración do esforzo persoal e a satisfacción polo traballo ben feito.
- Promover a creación dun clima agradable na aula, baseado na confianza, respecto mutuo e que favoreza as relacións sociais.
- Empregar as novas tecnoloxías como ferramenta no proceso de aprendizaxe.
- Empregar o galego como lingua vehicular.
- Coñecer e valorar os costumes e a cultura galega.
- Achegar a literatura galega ao alumnado.

Obxectivos do centro tendentes a fomentar o uso do galego:

1. Recibir, polo menos , unha das sesións diarias en galego.
2. Traballa-las rutinas, propias da etapa escolar na que estamos, en galego: saúdos, pasar lista, o tempo, días da semana, meses do ano, estacións, números,...
3. Impartir en galego os contidos do nivel de 6º EI. Sendo a lingua oral e o papel impreso nese idioma.
4. En tódolos niveis as programacións trimestrais e o seu traballo previo será en galego.
5. Realizar as actividades complementarias do centro (contacontos, teatro, festival fin de curso,..) en galego.

2.3 Principios básicos.

Os principios nos que se sustenta a labor educativa desta escola son:

- **Tolerancia.** Aceptar aos demais coas súas cualidades e as súas limitacións.
- **Igualdade.** Evitarase calquera tipo de discriminación.
- **Respecto.** Non só cara as persoas que forman a Comunidade escolar e social dentro da que se relacionan, senón tamén cara os materiais que serven de instrumento na nosa labor diaria e ao medio que nos rodea.
- **Solidariedade.** Evitando situacións discriminatorias, favorecendo a cooperación, a aprendizaxe cooperativa e a convivencia.
- **Responsabilidade.** Favorecendo o interese por aprender, a seriedade no traballo e a madurez na reflexión.
- **Autoestima e creatividade.** Valorando positivamente as capacidades e habilidades individuais, partindo delas para estimular o seu desenvolvemento persoal e social.
- **Confesionalidade:** Esta escola maniféstase aconfesional aínda que por imperativo legal temos clases de relixión católica para o alumnado que o solicita.
- **Linguaxe:** Defendemos e promovemos a correcta utilización da lingua galega como canle básico para as aprendizaxes e de comunicación entre os membros da nosa Comunidade Educativa. Todo isto sen menosprezar o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, o castelán, e as linguas estranxeiras.
- **Coeducación:** educar na igualdade de xénero, a todos os niveis.
- **Pluralismo e valores democráticos:** Esta escola é, e quere ser, ideoloxicamente pluralista. Isto quere dicir, respecto cara todas as ideoloxías e crenzas. A escola debe respectar a evolución do alumnado no sentido de non impoñerlle ningunha concepción política. Pretendemos unha escola democrática na que imperen os dereitos e liberdades fundamentais, así coma a formación en valores e hábitos democráticos.

Estes principios están baseados nas seguintes normas legais:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.4 Aspectos metodolóxicos.

As liñas directrices da nosa actividade educativa basease en tres piares básicos: coeducación, valores democráticos e integración.

Así entendémola como potenciadora de transmisión de valores que favorezan a liberdade persoal, responsabilidade, solidariedade, tolerancia, prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, así como a igualdade entre homes e mulleres tanto en dereitos como en oportunidades.

Basearémolos métodos de traballo nas experiencias, actividades e no xogo dentro dun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e a integración social.

- *Flexibilidade*: para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado.
- *Globalización* : que a aprendizaxe sexa o produto de múltiples conexións entre os novos contidos e os xa aprendidos.
- *Aprendizaxes significativas*: partindo sempre de experiencias previas e que se poidan relacionar con experiencias posteriores.
- *Perspectiva construtivista*: a través do xogo, da acción e da experimentación descubrir propiedades e relacións para construír os seus propios coñecementos.
- A importancia do *xogo* como actividade propia da etapa: o xogo é un elemento motivador, ofrece moitas posibilidades de emprender relacións significativas. Permite organizar o seu arredor contidos moi diversos con carácter global, sobre todo referidos a procedementos e experiencias.
- Á hora de planificar as actividades teranse en conta os *diferentes tipos de contidos* e procurarase que a súa construción progresiva sexa sempre realizada dende a actuación do neno, arredor de problemas e situacións concretos nos que poder atopar sentido porque conectan cos seus intereses e motivacións.
- Importancia do *espacio organizado* e da *afectividade de gran calidade*.
- Damos unha gran importancia a *relación escola-familia*: unha relación de comunicación e coordinación bilateral que da coherencia e continuidade a todo o proceso educativo.
- *Socialización e individualización*: partindo dunha avaliación inicial que nos permita adaptar todo o proceso a todos e a cada neno e nena e como individuos inmersos nun grupo máis amplo.

3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.

Os elementos que forman a **organización interna do centro** son:

3.1 Órganos de goberno unipersoais.

3.2 Órganos colexiados.

3.3 Órganos de coordinación docente.

3.1 Os órganos de goberno unipersoais do centro veñen determinados por lei (Orde do 22 de xullo de 1997) pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e primaria. Son os que forman o Equipo Directivo e está en función do número de aulas do centro. No noso caso está composto por

- Directora
- Secretaria

3.2 Os órganos colexiados

3.2.1 **Claustro de profesorado**

Formado por todo o profesorado do centro , as súas competencias e funcións están regulamentadas no Decreto 374/1996 . Consta de 10 mestras das que 8 son especialistas en educación infantil : 6 titoras e 2 de apoio, unha mestra especialista en Audición e linguaxe e unha mestra especialista en lingua estranxeira (inglés).

As reunións preceptivas serán as de comezo e final de curso e unha por trimestre, podendo ser convocado a instancias da dirección ou dun terzo mínimo dos seus membros. As reunións de Claustro fanse os martes pola tarde fóra do horario lectivo. A asistencia ás reunións son obrigatorias para todo o profesorado membro, sendo necesario xustificar a ausencia de ser o caso.

3.2.2 **Consello escolar** integrado por :

- Equipo Directivo
- 3 representantes do profesorado,
- 3 representantes de nais/pais,
- 1 representante do Concello.

Dentro do Consello Escolar temos tamén a Comisión Económica, formada pola directora, 1 representante do claustro e 1 representante das nais/pais.

O Consello Escolar reúne en sesión extraordinaria ao inicio e remate de curso, cando menos unha sesión ordinaria por trimestre e sempre que o convoque a súa presidenta ou 1/3 dos seus membros e cantas outras sexan necesarias para aprobar e tomar as decisións que a normativa lle asigna e outras importantes para o centro. E os de convocatoria son dunha semana no caso dunha sesión ordinaria, para asuntos importantes pódese convocar con 48 horas de antelación e con carácter de urxencia sen suxeición a prazo previo.

3.3 Órganos de coordinación docente.

3.3.1.- Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Está integrada por:

- A Directora que será a presidenta.
- A Xefa do Departamento de Orientación.
- A coordinadora do EDLG.
- A profesora especialista de Audición e Linguaxe
- As coordinadora de ciclo.
- A coordinadora de biblioteca.

As competencias deste comisión son as especificadas no artigo 62 do Decreto 374/1996. As reunións serán coa periodicidade necesaria, realizando unha sesión extraordinaria ao comezo de curso e outra ao finalizar este.

3.3.2 Comisión de Convivencia

Esta comisión ten carácter consultivo e desempeña as súas función por delegación do Consello Escolar para facilitar o cumprimento das competencias en materia de convivencia escolar. Está regulada na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa; no Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade; e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da

comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Os seus membros son elixidos polo Consello Escolar e nomeados pola persoa responsable da dirección do centro. Unha das persoas integrantes actúa como secretaria e debe redactar as actas.

Está integrada por:

- A directora, que será a presidenta.
- A orientadora do centro.
- Un representante do Claustro.
- Un representante das nais/pais

3.3.3 Departamento de Orientación

Regulado na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

Está formado por:

- Orientadora
- Mestra especialista en Audición e Linguaxe (AL)
- Coordinadora de ciclo.

As reunións do departamento de orientación son semanais, dentro do horario lectivo. Ademais cada trimestre celébrase unha reunión de todos os integrantes para o seguimento do Plan de Orientación. As decisións no departamento tómanse por maioría simple

3.3.4 Equipo de ciclo

Está integrado por 3 mestras , unha de cada nivel, das que unha será a coordinadora . O equipo de ciclo é o encargado de organizar e desenvolver as ensinanzas propias do ciclo.

3.3.5.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega EDLG

Composto por 2 mestras das que unha será a coordinadora. Este equipo réxese polo

Decreto 374/1996, do 17 de outubro. A coordinadora é un dos membros con destino definitivo no centro, preferentemente, proposto polos compoñentes do equipo durante un período de 2 anos, renovables. Tamén se poden incorporar outros membros da Comunidade Escolar para temas puntuais. O Equipo de Normalización da Lingua Galega réunese cunha periodicidade mensual e realiza unha sesión extraordinaria ó comezo do curso e outra ó finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias. As actividades que se realizan polo equipo de normalización lingüística inclúense na programación xeral anual.

3.3.6 Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar

ORDEN do 19 de abril de 2021 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Cada setembro os centros escolares recibimos instrucións da dirección xeral de centros e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares. A dirección do centro designa unha persoa como responsable da biblioteca escolar por un período mínimo de dous anos, dando prioridade á súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria. Esa persoa responsable intégrase na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.

Crease, así mesmo, un equipo de apoio á biblioteca, formado por unha mestra de cada nivel. O calendario de reunións está establecido pola responsable de biblioteca con carácter mensual para facer propostas e organizar o traballo.

3.3.7 Equipo Actividades Complementarias e Extraescolares

Este equipo está formado por 2 mestras, unha delas como coordinadora. Encárgase de promover as actividades:

- Complementarias que se realizan co alumnado en horario lectivo e forman parte da programación pero teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan: visitas, contacontos, conmemoracións e outras

semellantes.

- Extraescolares organizadas polo centro e, figurando na programación xeral anual, realízanse fóra de horario lectivo. O centro a única actividade extraescolar que fai é co nivel de 6º EI que é unha saída a unha granxa-escola de todo un día.

3.3.8 Equipo Plurinfantil

RESOLUCIÓN do 1 de xuño de 2017 pola que se regula o programa plurilingüe en Infantil.

Este equipo está formado por:

- Mestra especialista en inglés, que é a coordinadora .
- Mestra que imparte as sesións bilingües.
- Auxiliar de conversa que é unha persoa nativa inglesa que acompaña nas clases para favorecer unha boa pronunciación da lingua.

3.3.9 Equipo Dinamización das TICs

A fin de poder lograr unha maior difusión das Tecnoloxías da información e comunicación no centro, establécese a figura do coordinador TIC quen terá entre outras funcións:

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado en relación ao traballo coas TIC.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Facilitar ao profesorado axuda coas tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula.

O equipo está formado por 3 mestras, unha delas como coordinadora.

3.3.10 Equipo Dinamización Plan Dixital

RESOLUCIÓN do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital dos centros docentes sostido con fondos públicos.

O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes

O equipo de dinamización do Plan Dixital está formado unicamente pola persoa titular da dirección do centro por ser unha escola con menos de 8 unidades.

3.3.11 Equipo Dinamización de Polos Creativos

ORDEN do 6 de outubro de 2023 pola que se da continuidade ao programa de innovación educativa Polos creativos e se establecen instrucións para o seu desenvolvemento nos centros educativos dependentes desta consellería .

Os Polos creativos son un elemento clave para a transformación dixital dos centros educativos en organizacións dixitalmente competentes nos procesos de ensinanza-aprendizaxe e, como tal, representan unha das infraestruturas esenciais previstas no plan dixital de centro para conseguir este obxectivo.

Serán xestionados por un equipo dinamizador que contará cunha persoa coordinadora que desenvolverá a súa función en estreita colaboración co equipo directivo. Para cada curso escolar, a Dirección do centro establecerá a dedicación necesaria para a atención ao Polo Creativo por parte da coordinadora e do Equipo de Dinamización, que estará formado por dúas mestras .

4. ORGANIZACIÓN DO TEMPO E ESPAZOS NO CENTRO.

A organización dun centro escolar está en función da acción educativa. A nosa escola procura a axeitada interrelación entre os membros da Comunidade Educativa e o bo

uso dos recursos persoais e materiais dispoñibles.

O clima de relacións que logran crear cantos interveñen na acción educativa é un factor determinante da organización e o funcionamento dun centro.

Polo que favoreceremos:

- Unificar criterios para lograr unha maior coherencia funcional.
- Coordinar a participación e a implicación de toda a Comunidade Educativa.
- Planificar axeitadamente a acción educativa, para evitar a improvisación, a rutina e as actuacións contraditorias e os esforzos inútiles.
- Racionalizar o traballo docente e do alumnado, potenciando as capacidades de cada un/ha e favorecendo o crecemento persoal e profesional.
- Clarificar os obxectivos que a institución se propón e os medios de que dispón para conseguilos.
- Xerar motivación e incentivos para o traballo do profesorado.
- Cualificar aos membros da Comunidade Educativa para a xestión máis eficaz do Centro.
- Distribuír de forma razoable o tempo e os medios.
- Promover a avaliación formativa interna periódica da acción educativa do Centro.
- Configurar un centro escolar con identidade propia.

4.1.- Criterios de distribución do tempo escolar

Dende principios do curso, establecerase un marco horario xeral para todo o Centro. Dende o mesmo se regularán tanto as actividades docentes como non docentes e será aplicado coa flexibilidade, adaptabilidade e adecuación as diferentes situacións ou circunstancias que a evolución do ano escolar impongan.

Horario do centro

A xornada do centro será continuada de mañá, de luns a venres de 09:00h. a 14:00h. para o alumnado de 5º e 6º de EI e de 09:10h. a 13:50h. Para o alumnado de 4º EI . As portas permanecerán abertas de 9:00 a 9:15 e de 13:40 a 14:00, para as

entradas e saídas do alumnado. No resto do horario lectivo as portas do centro permanecerán pechadas por motivos de seguridade.

O martes de 15:15h. a 17:30h. o centro permanecerá aberto para o desenvolvemento de claustros, titorías, coordinacións por parte das mestras e outras actividades que se poidan programar. Os demais días estará aberto de 16:00h. a 17:00h. para as actividades extraescolares .

As instalacións da escola ofreceranse para realizar actividades que diferentes membros da comunidade escolar o soliciten.

Horario escolar para o alumnado

- O centro abre as súas portas ás 07:45h. para acoller ao alumnado do Plan Madruga.
- Sobre ás 8:45 se efectúa a recollida dos nenos e nenas que acoden no autobús.
- 09:00h. apertura do centro para os nenos e nenas dos niveis de 5º e 6º EI.
- 09:10h. apertura para os nenos e nenas do nivel de 4º EI.
- 11:00h. a 12:00h. período de recreo, dividido en dous momentos:

- ata as 11:20h. merenda na aula

- de 11:20h. a 12:00h. saída ao patio. Os horarios das quedas de patio teñen o número de mestras fixos por día co obxecto de realizar a vixilancia do alumnado, segundo a normativa.

- 13:50h. fin das clases e saída dos nenos e nenas do nivel de 4º EI.
- 14:00h. fin das clases e saída dos nenos e nenas dos niveis de 5º e 6º EI.

A diferenza de horario nas entradas e saídas entre os niveis débese a razóns de organización e seguridade á hora de entregar os/as nenos/as ás familias.

As entradas e saídas do centro organízanse da seguinte maneira

- Todos os alumnos/as accederán, na súa correspondente ringleira, pola porta do patio cuberto.
- Non se permite o acceso das familias as aulas. En caso de chegar tarde e que a súa ringleira xa entrara, o neno/a entrará coa mestra que nese momento estea

libre e que terá a función de estar pendente da entrada dos nenos/as que cheguen tarde.

- É importante a puntualidade, as portas portas pecharanse unha vez que entre o alumnado de 4º EI. En caso de chegar despois desa hora chamarán ao timbre da porta principal.
- A saída realizarase polo mesmo lugar de entrada e pídese as familias que esperen fora para que os nenos saian en ringleira e ordenados.

Período de adaptación

O alumnado de 4º EI terá ao comezo do curso, no mes de setembro, un período de adaptación; co obxecto de facilitar a súa incorporación ao centro. Este período supón un horario diferenciado ao que será o do resto do curso.

Horario de servizos do centro

- a) Dirección: de 09:00h. a 09:30h. e de 13:30h. a 14:00h. e os martes de 15:30h. a 17:30h.
- b) Secretaría: de 09:00h. a 09:30h. e de 13:30h. a 14:00h. e os martes de 15:30h. a 17:30h.
- c) Titorías: serán os martes de 16:00 a 17:00 ou en calquera outro momento(en casos excepcionais), previa petición de hora.

4.2 Criterios de distribución de espazos

Tendemos á diversificación funcional dos espazos segundo o seu uso:

4.2.1. As aulas

- Hai 6 titorías; cada titora ten asignada unha aula de forma permanente, curso tras curso. Está establecido desta forma pensando en facilitar a organización de aula o final e comezo de cada curso, así como tamén facilitar a orientación e a integración do alumnado que durante todo o ciclo se move no mesmo ambiente.

No caso de existir algún neno ou nena con problemas de mobilidade e debido a que non temos ascensor no centro, o grupo de clase cambiaría ou se poría na planta baixa.

- Aula de inglés e relixión

Utilizada pola mestra de inglés e pola mestra das sesións bilingües.

Tamén vai o alumnado que escolle relixión católica.

- Aula de AL

Utilizada pola mestra especialista en Audición e Linguaxe e onde asiste o alumnado que necesita deste apoio educativo. Ademais fanse talleres de lingua oral co alumnado de 5º e 6º de EI

Defendemos a organización interior da clase dende criterios facilitadores do traballo, a comunicación e o respecto entre as persoas, e para a actividade que se está desenvolvendo. Valoramos unha distribución funcional e adaptable a cada situación do grupo. A existencia de currunchos referenciais dedicados a actividades específicas, son liñas de traballo compartidas.

4.2.2. Espazos de uso común

- Espazos de uso múltiple ou diversificado.

Permiten unha gran variedade de agrupamentos e adaptacións a diferentes tipos de situacións educativas. Resulta moi necesaria a existencia destes espazos dada a multiplicidade de situacións que poden crearse e pola utilidade dos mesmos. Entre este tipo de espazo o noso centro ten:

1. **Sala de usos múltiples:** en horario lectivo realízanse actividades de psicomotricidade, música, de uso do canón proxector e de outras actividades que poidan xurdir como charlas, contacontos,... Tamén se emprega en horario extraescolar, para levar a cabo actividades extraescolares organizadas pola ANPA.

Ao principio de curso se elabora o horario de utilización deste espazo coa intención de facilitar o uso racional e responsable desta sala. De forma que:

- como aula de psicomotricidade contéplase a asistencia de dúas horas semanais para os tres niveis educativos; e dunha hora semanal para o nivel de 4º EI na sesión bilingüe.

- como aula de música na sesión bilingüe, unha hora á semana para o nivel de 5º EI.

2. Biblioteca: non hai un horario predefinido para a súa utilización. Se algunha mestra necesita a aula o comunica ao claustro para no ter duplicidades.

Esta aula tamén é utilizada polo alumnado do Plan Madruga, antes da entrada das clases.

Tamén está instalada a radio escolar que se ten previsto que empece a funcionar no vindeiro curso escolar.

- Espazos exteriores.

Zona de deleite durante o período de recreo.

4.2.3. Espazos de uso específico.

Como son Dirección, a sala de mestras e aula de Orientación. Tamén hai espazos pequenos que se utilizan para gardar distinto tipo de material. Por último están os aseos distribuídos nas dúas plantas a cada lado do edificio para estar o mais preto das aulas.

4.3 Organización de recursos materiais:

O material pode definirse como o principal instrumento que utiliza o/a neno/a para realizar os seus xogos e actividades. No Centro dispoñemos dunha gran cantidade de materiais e para clasificalos dalgún xeito imos ter en conta a faceta predominante para a que están destinados, aínda que sabemos que un mesmo material debe ser polivalente e satisfacer moitos aspectos do desenvolvemento. Clasificación do material:

Material funxible: é este o material que se gasta co uso: papeis, lapis, ceras, bolígrafos, pinturas, rotuladores, gomas, etc.

Material para educación musical: instrumentos mercados e de elaboración propia (pandeiros, caixas chinesas, axóuxeres, maracas, cascabeis, claves, xilófonos, campanillas, shakers,..), reprodutores de música, etc.

Material de educación psicomotriz: aros, pelotas, colchonetas, picas, rampas, material goma-espuma, estruturas modulares con escaleiras, tobogáns, túneles, etc.

Material expresión plástica: pinturas variadas, cartolinas, distintos tipos de papel, plastilina.

Material para a dramatización: disfraces, chiscadelas, monicreques, pinturas para a cara, etc.

Material para a educación lóxico-matemática: construcións, bloques lóxicos, crebacabezas, etc.

Material para e estimulación da linguaxe: láminas de observación, libros de contos, de imaxes, etc.

Material para a exploración do medio físico e social: para o propio coñecemento: bonecos/as, vestidos, recortables, etc; para o coñecemento do medio natural: follas, terra, pedras, area, caracois, vermes de seda, prantas, etc; para o coñecemento do medio: sinais de todo tipo, imaxes de oficios, de edificacións, etc.

Material dixital ou multimedia: será aquel a través do cal introduciremos aos nenos e nenas nas novas tecnoloxías para contribuír ao seu desenvolvemento: pizarras dixitais, ordenadores, proxectores, etc.

Material de desfeita ou de refugallo: este é un material moi barato e que ofrece unha gran cantidade de posibilidades: botes, caixas, botellas, telas, tubos de plástico, de cartón.

Material curricular: este é o material que serve de axuda aos mestres/as na súa labor educativa, lexislación vixente, guías didácticas, bibliografía, referencias web.

Mobiliario xeral. Dentro do equipamento material do Centro imos facer referencia tamén ao mobiliario xeral das distintas dependencias:

Mobiliario das aulas: cadeiras, mesas para nenos/as e para educadores/as, estanterías, armarios, percheiros, pizarras, equipos informáticos en todas as aulas.

Mobiliario patio exterior: estruturas de xogo de plástico e madeira, casiña de ladrillo, areeiro, xoguetes simbólicos, tobogáns, columpios, rocódromo,....

Mobiliario do despacho: mesas, cadeiras, armarios, etc.

A elección do material condiciona a actividade e viceversa. É moi importante ver as posibilidades que ofrecen antes de elixilos, deben ser abertos e cantas máis opcións permitan mellor. Debemos observar se funcionan ou non para acadar os obxectivos; se non serven debemos cambialos e buscar outros que se adapten mellor.

5. CRITERIOS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

5.1.-Introducción

A intervención educativa debe recoller como principio a diversidade, adaptando a práctica educativa ás características de cada nena/o. As propostas educativas para atender a diversidade, basearanse en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios.

Estes criterios e medidas xorden da concreción para a nosa comunidade educativa do disposto na ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Como no mesmo decreto se explicita van deseñadas para que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, neste caso adaptado á idade dos nenos e nenas cos/coas que traballamos. Trátase de dar unha resposta o máis axeitada posible, dentro das nosas posibilidades, que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos no marco dos principios de

normalización e inclusión, considerando a diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto de comunidade.

5.2-Criterios de actuación

- Os criterios actuación baséanse nos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia e implicación de toda a comunidade educativa.
- Todas as accións tanto preventivas como de detección temperá das posibles necesidades dos alumnos terán carácter prioritario.
- Priorízase a adopción de medidas de carácter ordinario e normalizador. As extraordinarias adoptaranse no caso de que aquelas foran esgotadas.
- Os pais/nais ou responsables legais serán informados de xeito individual das características e necesiades do alumnado, así como das medidas a adoptar para a súa atención na nosa escola.
- A intervención educativa terá un enfoque multidisciplinar no que xogarán un papel preminente as valoracións da titora, do equipo de orientación, da especialista en AL e da dirección do centro. Naqueles casos que así o precisen, pedirase o concurso de outras instancias: servizos sociais, de saúde, familiares...

5.3.- Medidas de atención a diversidade.

Como contempla o decreto 229/2011, o centro na súa autonomía, é quen de deseñar aquelas medidas máis axeitadas para dar resposta as necesidades detectadas.

Estas medidas tenderán ser de carácter ordinario:

- a) Adecuación da estrutura do centro: horarios, agrupamentos, espazos...
- b) Adecuación das programacións didácticas ás características do alumnado.
- c) Emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, aprendizaxe por proxectos ... que promovan a inclusión.
- d) Reforzo educativo e apoio por parte das mestras de apoio

Con carácter extraordinario:

- a) Adaptacións curriculares
- b) Agrupacións flexibles
- c) Traballo específico da especialista en AL.
- d) Flexibilización horaria.
- e) Petición de asesoramento doutros profesionais na procura dun tratamento multidisciplinar dos diferentes casos, cando así se considere oportuno.

O centro conta cun protocolo de actuación nas diferentes vertentes de prevención, detección e intervención; finalmente contémpase unha avaliación das propias medidas adoptadas en cada caso como factor retroalimentador do mesmo proceso.

6.- PLAN DE AUTOAVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación no centro percíbese coma unha forma de mellora e calidade. É costume que todas aquelas innovacións se apliquen, desenvolvan e avalíen para apreciar o que de mellora e beneficio reportan para a escola.

Neste sentido a autoavaliación é unha actitude constante no centro cunha proxección cara a práctica docente.

De aquí que na nosa escola analizaremos:

1. Proceso de ensinanza-aprendizaxe.
2. Organización e funcionamento.
3. Relacións co contorno.
4. Procesos de avaliación, formación e innovación.

7.- REVISIÓN E AVALIACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO E FUNCIONAL

Ao inicio do curso escolar 2024-25 o equipo de ciclo decidiu a necesidade de revisar e adaptar O Proxecto Educativo e Funcional do Centro ás circunstancias do momento; realizando as modificacións precisas polos cambios sucedidos o longo

destes anos.

Unha vez modificado o texto preséntase ao Claustro para a súa revisión e finalmente ó Consello Escolar para a súa correspondente aprobación.

Para comprobar a súa eficacia farase un seguimento e valoración anual, para introducir todos os cambios que sexan precisos segundo cambien as circunstancias da escola. Todas as modificacións que se realicen coincidirán co momento da elaboración da Memoria Xeral Anual (ao finalizar o curso escolar) e unha vez aprobadas polo Consello Escolar serán introducidas na Programación Xeral Anual (PXA) que se realiza ao principio de curso, momento en que comezarán a facerse efectivas ditas modificacións.

Este PEFC apróbase con data ----- momento en que o presente Proxecto Educativo entra en vigor.

Redondela a de xuño de 2025